

**ORDE do 9 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025. Consellería de Política Social e Igualdade. DOG 133 (14/07/2025)**

### Obxectivo

Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras das axudas do programa Emega para fomentar o emprendemento feminino en Galicia e proceder á súa convocatoria no ano 2025 (código de procedemento **SI429A**).

Son axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial.

O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de **concorrenza competitiva**.

### Persoas beneficiarias

Empresas privadas (**microempresa ou pequena empresa**) formadas por **mulleres** que inicien a súa actividade económica ou formalicen o seu plan de reactivación e/ou mellora no período comprendido **entre o 30/09/2024 e a data da fin do prazo de presentación de solicitudes**.

A actividade mercantil pode ser realizada por empresarias individuais, sociedades civís, comunidades de bens, entidades sen personalidade xurídica ou sociedades mercantís, incluídas as sociedades laborais, as cooperativas de traballo asociado e as sociedades profesionais.

As beneficiarias das axudas do programa Emega teñen a obriga de realizar a actividade empresarial e **manter os postos de traballo** tidos en conta para a concesión da subvención durante un período mínimo de **18 meses**.

### Modalidades

- a) **Emega Emerxe**: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en marcha de **novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino** estable por conta propia e allea.
- O inicio da actividade ten que producirse entre o 30/09/2024 e o prazo de presentación de solicitudes.
  - Ten que supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras.
  - As promotoras antes do inicio da actividade laboral deben estar desempregadas.
  - A alta de todas as promotoras no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional deberá formalizarse entre o 30/09/2024 e a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
  - Non ter desenvolvido actividade empresarial na mesma actividade económica nos tres anos inmediatamente anteriores á data de efectos da alta

Contías: 10.000 euros ás empresas que creen o posto de traballo da promotora  
16.000 euros ás empresas que creen dous postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido  
20.000 euros ás empresas que creen tres postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido  
22.000 euros ás empresas que creen catro ou máis postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido

b) **Emega Impulsa**: liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer a reactivación, a **consolidación de empresas** constituídas por mulleres, ou a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade, dirixidas a paliar unha situación económica adversa.

- No mes de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debe acreditarse un período mínimo de tres anos de realización efectiva da actividade empresarial.
- Os proxectos de reactivación e consolidación ou de mellora deberán recollerse no plan de negocio empresarial: cambio de localización, renovación de instalacións, renovación equipamento informático, compra de maquinaria, implantación de novas tecnoloxías.
- Manter ou incrementar o número de postos de traballo por conta propia ou por conta allea preexistentes.
- A alta na Seguridade Social das traballadoras que ocupen os novos postos de traballo creados como consecuencia do proxecto de reactivación ou mellora, deberá formalizarse no prazo comprendido desde o 30/09/2024 e ata, como máximo, a data de finalización do prazo de xustificación da axuda.

Contías: 8.000 euros ás empresas que manteñan o posto de traballo da promotora..  
12.000 euros ás empresas con dous postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido  
14.000 euros ás empresas con tres postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido  
17.000 euros ás empresas con catro ou máis postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido

c) **Emega Innova**: liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de **iniciativas empresariais de carácter innovador**, con contido científico ou con base tecnolóxica.

- O inicio da actividade económica ten que producirse entre o 30/09/2024 e a data da fin do prazo de presentación de solicitudes.
- A actividade, proceso, produto ou servizo debe ter un claro carácter innovador.
- Ten que supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras.
- As promotoras antes do inicio da actividade laboral deben estar desempregadas.
- A alta de todas as promotoras no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional deberá formalizarse entre o 30/09/2024 e a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Algunha das promotoras debe ser unha persoa con titulación universitaria en calquera das áreas de coñecemento en que se basea a iniciativa empresarial.
- Non ter desenvolvido actividade empresarial na mesma actividade económica nos tres anos inmediatamente anteriores á data de efectos da alta.

Contías: 18.000 euros ás empresas que manteñan o posto de traballo da promotora..  
27.000 euros ás empresas con dous postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido

32.000 euros ás empresas con tres postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido

42.000 euros ás empresas con catro ou máis postos de traballo para mulleres, por conta propia ou por conta allea con contrato indefinido

d) **Emega Concilia:** axuda **complementaria** das modalidades anteriores para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, nas súas dúas modalidades: Concilia-promotoras e Concilia-persoas traballadoras por conta allea.

- Concilia-promotoras consiste nun incentivo de 3.000 euros por empresa, sempre que forme parte dela algunha promotora con filla/s ou fillo/s que na data de finalización do prazo de xustificación da axuda sexan menores de tres anos.

- Concilia-persoas traballadoras por conta allea consiste nun incentivo, por importe máximo de 5.000 euros por empresa, para formalización dun acordo de conciliación para todo o cadro de persoal da empresa, ou para empresas que asinen acordos individuais de teletraballo (1.000 € por persoa traballadora por conta allea cun máximo de 5.000 €)

### Criterios de valoración

Criterio	Valoración
Emprego feminino xerado	1 posto: 10 puntos 2 postos: 20 puntos 3 postos: 30 puntos 4 ou máis postos: 40 puntos
Pertenza a sectores masculinizados	10 puntos
Integración laboral: mulleres maiores de 55 anos, mulleres con discapacidade, vítimas de violencia de xénero, desempregadas de longa duración.	2 puntos por cada unha destas situacións cun máximo de 10 puntos.
Actividade dedicada á prestación de servizos de conciliación	Ata 10 puntos en función da poboación do concello onde se desenvolva a actividade.
Localización da actividade empresarial	Ata 15 puntos en función da poboación do concello onde se desenvolva a actividade.
Emega Innova	15 puntos

### Presentación de solicitudes

O prazo para presentar a solicitude vai dende o **15 de xullo ao 14 de agosto de 2025**.

### Réxime de *minimis*

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de ***minimis***.

**ORDE do 1 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, por redución da xornada de traballo, como medida de fomento da corresponsabilidade, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025. Consellería de Política Social e Igualdade. DOG 133 (14/07/2025)**

## Obxectivo

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas destinadas a apoiar a **conciliación da vida persoal, familiar e laboral**, como medida de fomento da corresponsabilidade das persoas da unidade familiar que exerciten o dereito á redución da xornada laboral, especialmente por parte dos homes, para o coidado dos seus fillos e fillas, e proceder á súa convocatoria no ano 2025 (código de procedemento **SI440A**).

Serán subvencionables as situacións de **redución da xornada** de traballo para o coidado de fillos e fillas, no período comprendido entre o 01/08/2024 e o 31/07/2025.

O procedemento para a concesión das axudas recollidas nesta orde tramitarase en réxime de **concorrenza competitiva**.

## Persoas beneficiarias

Será beneficiaria a persoa proxenitora do/da menor que exerza o dereito á redución de xornada:

- No caso de unidades familiares en que a parella estea formada por persoas de distinto sexo, o proxenitor de sexo masculino.
- No caso de unidades familiares en que a parella estea formada por persoas do mesmo sexo, calquera das persoas proxenitoras.
- No caso de unidades familiares monoparentais, a persoa ao cargo da unidade familiar.

Nunha unidade familiar só poderá haber unha soa persoa beneficiaria destas axudas.

Requisitos:

- a) Estar empadroadas en calquera concello da Comunidade Autónoma galega.
- b) Que se trate dunha persoa traballadora por conta allea.
- c) Que a redución de xornada sexa para o coidado dun fillo ou filla menor de tres anos, ou menor de 12 anos no suposto de que padeza unha discapacidade. No caso de adopción ou acollemento, non poderán ter transcorrido 3 anos dende a data da decisión administrativa ou 12 no caso ter recoñecida unha discapacidade.
- d) Que a redución de xornada se produza entre o 01/08/2024 e o 31/07/2025.
- e) Convivir coa filla ou o fillo durante o período subvencionable.
- f) A redución de xornada terá que ser de, polo menos, o 12,5 % da xornada
- g) Os ingresos da unidade familiar non poderán ser superiores a 7 veces IPREM para o ano 2024.

## Período subvencionable

O período máximo subvencionable, continuado ou fraccionado, **será de oito meses (8)** comprendidos entre o **01/08/2024 e o 31/07/2025**.

### Contía das axudas

A contía das axudas determinarase en función da porcentaxe de redución de xornada laboral e a súa duración e o número de fillos/as ao cargo da persoa solicitante.

A contía da axuda reducirase proporcionalmente cando o período subvencionable sexa inferior a 8 meses ou se a xornada se realiza a tempo parcial.

Para o cómputo de nº de fillos e fillas teranse en conta únicamente os menores de 12 anos.

No caso de fillos ou fillas menores con discapacidade, estes computaranse cun coeficiente multiplicador de 2, igual que no caso de familias monoparentais.

Redución da xornada	Nº Fillos a cargo	Contía da axuda
Entre o 12,5% e o 25% da xornada a tempo completo	1 fillo ou filla a cargo	1.700 €
	2 fillos ou fillas a cargo	2.000 €
	3 ou máis fillos ou fillas a cargo	2.300 €
Entre o 25% e o 37,5% da xornada a tempo completo	1 fillo ou filla a cargo	2.800 €
	2 fillos ou fillas a cargo	3.100 €
	3 ou máis fillos ou fillas a cargo	3.400 €
Máis dun 37,50 % da xornada a tempo completo	1 fillo ou filla a cargo	3.100 €
	2 fillos ou fillas a cargo	3.400 €
	3 ou máis fillos ou fillas a cargo	3.700 €

### Cráterios de valoración

Criterio	Valoración
Nivel de ingresos da unidade familiar	Ata 1 vez o IPREM: 35 puntos Máis de 1 vez e ata 2,5 veces o IPREM: 30 puntos Máis de 2,5 e ata 3 veces o IPREM: 25 puntos Máis de 3 e ata 4 veces o IPREM: 20 puntos Máis de 4 e ata 5,5 veces o IPREM: 15 puntos Máis de 5,5 e ata 6 veces o IPREM: 10 puntos Máis de 6 e ata 7 veces o IPREM: 5 puntos
Número de fillas e fillos menores de 12 anos	4 fillos/as ou máis menores de 12 anos: 40 puntos 3 fillos/as menores de 12 anos: 30 puntos 2 fillos/as menores de 12 anos: 20 puntos 1 fillo/a menor de 12 anos: 10 puntos.
Solicitud procedente de familia monoparental	10 puntos
Solicitud procedente de familia con fillos/as menores de 12 anos con discapacidade	10 puntos

### Presentación de solicitudes

O prazo para presentar a solicitude vai dende o **15 de xullo ao 14 de agosto de 2025**.

### Réxime de *minimis*

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de *minimis*.